

**ESCE -  
NAS DO  
CAM -  
BIO**

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

**FESTIVAL DE INVERNO  
DE TEATRO, DANZA E  
ARTE EN ACCIÓN**

# **BÚSCANSE 100 PERSOAS**

**PARA ACCIÓN ESCÉNICA. NON É NECESARIO EXPERIENCIA**

**Artista, fontaneiro, policía, perito agrónomo, carteiro, baixista, administrativo, funcionario público, mestre, camareiro, tiraboleiro, cociñeiro, prostituta, investigador, bombeiro, tuno, deseñador, albanel, fotógrafo, electricista, xornalista, sacerdote, ama de casa, stripper, masaxista, psicólogo, dependente, repoñedor, segurata, afiador paragüeiro, curtidor, porteiro de discoteca, carpinteiro, fruteiro, zapateiro, químico, avogado, socorrista, enxeñeiro industrial, deportista, militar, mariñeiro, desempregado...**



**ATLAS, DE ANA BORRALHO & JOÃO GALANTE  
4 FEBREIRO, MUSEO CENTRO GAIÁS**

**Inscripcións e información en  
[atlas@cidadedacultura.org](mailto:atlas@cidadedacultura.org)  
ou nos telf.: 633 615 801 — 633 463 693  
[escenasdocambio.org](http://escenasdocambio.org)**

Fundación  
**GAIÁS**



XUNTA  
DE GALICIA

ESCENAS DO  
CAMBIO.  
FESTIVAL DE  
INVERNO DE  
TEATRO, DANZA  
E ARTE EN  
ACCIÓN

GAIÁS  
CIDADE  
DA CULTURA

### ¿QUÉ É ATLAS?

Na mitoloxía grega, Atlas foi condeado por Zeus a soportar o ceo sobre os seus ombreiros. *Atlas* é un espectáculo que reúne sobre o escenario a 100 persoas de diferentes profesións e identidades culturais, coma se dun atlas de organización social humana se tratase, unha representación dos seres humanos a través do seu papel na sociedade na que se inseren.

É unha idea, un proxecto, unha acción, unha conexión co territorio, a crenza de que a arte debe desempeñar un papel activo na sociedade, de unir arte e vida, creando un evento único nun lugar e tempo específicos co que Ana Borralho e Joao Galante están a percorrer diferentes cidades de Europa, e que agora chega a Santiago de Compostela no marco do Festival *Escenas do Cambio*.

### ¿QUÉ É O QUE BUSCAMOS?

Persoas de diferentes profesións, idades, orixes e crenzas. Artistas, panadeiros, policías, fotógrafos, surfistas, prostitutas, amas de casa, políticos, bombeiros, strippers, empresarios, motoristas, carteiros, agricultores, mecánicos, futbolistas, carpinteiros, axentes de seguros, floristas, farmacéuticos, funcionarios públicos, masaxistas, cocineiros, fisioterapeutas, parados, xubilados... todos teñen cabida neste espectáculo, que non é unha obra de teatro ó uso, se non unha performance, un traballo en grupo, non remunerado, no que non é preciso saber idiomas nen ter experiencia en teatro, danza ou artes escénicas.

### REQUISITOS

Só pedimos ganas de participar e compromiso de asistencia, con dispoñibilidade horaria na data da representación e nos ensaios.

Nas catro primeiras sesións de ensaio as 100 persoas dividiránse en dous grupos a escoller segundo a súa dispoñibilidade cada día. De ocorrer que alguén tivese problemas para a asistencia nun día concreto, cada caso valoraríase individualmente.

Para apuntarse, os voluntarios deberán cubrir a ficha de participación cos datos solicitados e as preferencias horarias, e enviala a [atlas@ciudadedacultura.org](mailto:atlas@ciudadedacultura.org).

# ATLAS SANTIAGO DE COMPOSTELA 2015

## **ATLAS; CALENDARIO DE ENSAIOS E FUNCIÓN**

<b>Data</b>		<b>Lugar</b>	<b>Nº grupos</b>	<b>Horario</b>
Xoves 29/01	Ensaio	CGAC Rúa de Ramón del Valle- Inclán, 2, 15703 Santiago de Compostela	2	Grupo de tarde: 16.00-19.30h  Grupo de noite: 20.30-00.00h
Venres 30/01	Ensaio	CGAC Rúa de Ramón del Valle- Inclán, 2, 15703 Santiago de Compostela	2	Grupo de tarde: 16.00-19.00h  Grupo de noite: 20.00-23.00h
Sábado 31/01	Ensaio	CGAC Rúa de Ramón del Valle- Inclán, 2, 15703 Santiago de Compostela	2	Grupo de mañá: 10.00-13.00h  Grupo de tarde: 16.00-19.00h
Domingo 01/02	Ensaio	CGAC Rúa de Ramón del Valle- Inclán, 2, 15703 Santiago de Compostela	2	Grupo de mañá: 10.00-13.00h  Grupo de tarde: 16.00-19.00h
Luns 02/02	Ensaio	Museo Centro Gaiás* (Cidade da Cultura)	1	18.00h-23.00h
Martes 03/02	Ensaio xeral	Museo Centro Gaiás* (Cidade da Cultura)	1	18.00h-23.00h
Mércores 04/02	<b>FUNCIÓN</b>	Museo Centro Gaiás* (Cidade da Cultura)	1	<b>Función: 20.30h</b>  <b>Citación participantes: 18.00h</b>

\* Os participantes en Atlas contarán cun autobús cortesía da organización para as subidas e baixadas do Gaiás para os días dos ensaios xerais e da representación. Saída: dársena de autobuses da rúa Valle-Inclán. (Entre o CGAC e La Salle).

### **Enlaces relacionados:**

**Atlas:** <http://anaborralhojoaogalante.weebly.com/atlas.html> (inclúe enlaces para visualizar performances anteriores)

**Festival Escenas do Cambio:** <http://www.eszenasdocambio.org>

**Cidade da Cultura:** <http://www.cidadedacultura.gal>

### **Contacto:**

Sabela Pillado | 633 615 801

Juancho Gianzo | 633 463 693

**Coordinadores de Atlas Santiago**

[atlas@cidadedacultura.org](mailto:atlas@cidadedacultura.org)

**ESCE -**  
**NAS DO**  
**CAM -**  
**BIO**

**FESTIVAL DE INVERNO  
DE TEATRO, DANZA E  
ARTE EN ACCIÓN**



[escenasdocambio.org](http://escenasdocambio.org)  
[ciudadedacultura.gal](http://ciudadedacultura.gal)

Fundación  
**GAIÁS**

